

Don Antonio Torrón Casal, secretario suplente da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra.

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 08 de agosto de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia". (Expte.- 2024028041).

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 28 de xuño de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto SARA, **do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en familia, expte. 2024028041.**

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de xullo de 2024, aparecendo publicado día 2 de xullo de 2024. Nesta mesma data, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario suplente informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario suplente da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación do "Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia" (Expte.- 2024028041)" por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.



E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

